

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

PROFESORA: MARÍA ISABEL MARTÍN GARCÍA

CURSO: 2º PROXECTOS DE EDIFICACIÓN.

MATERIA: EIE

DEPARTAMENTO: FOL

DATA: 5-MAIO- 2020

ADAPTACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ACORDO COS PUNTOS 6.7 A 6.13 DAS DIRECTRICES XERAIS CONTIDAS NAS INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

DEPARTAMENTO: FOL	
CICLO: CICLO SUPERIOR DE PROXECTOS DE EDIFICACIÓN	
CURSO: 2º	PROFESOR: MARÍA ISABEL MARTÍN GARCÍA
MÓDULO: EIE	

(6.8) APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES, TOMADOS COMO REFERENCIA PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN

- 1º Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.
- 2º Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, etc).
- 3º Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso productivo ou comercial.
- 4º Crea materiais publicitarios para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.
- 5º Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.
- 6º Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.
- 7º Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.
- 8º Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.
- 9º Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
- 10º Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo.
- 11º Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF, e IS , e indica as principais diferenzas entre eles.

(6.9) AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO SOBRE AS APRENDIZAXES E COMPETENCIAS ANTERIORES

Para a valoración do rendimento do alumno terase en conta a asimilación dos conceptos explicados na clase a través dos exames correspondentes na primeira e segunda avaliación así como as actividades complementarias e o Plan de Empresa levadas a cabo durante o mesmo período.

Tendo en conta a crise actual debido o coronavirus no terceiro trimestre valoraranse os traballos feitos a través do correo electrónico.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Durante o terceiro trimestre fixéronse actividades de reforzo e recuperación a través do correo electrónico tendo en conta eses traballos como complemento á nota da primeira e segunda avaliación.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información: a través do correo electrónico e teléfono,

Publicidade: a través da páxina web do IES Gonzalo Torrente Ballester.